



GRUPO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA

## **PROPOSTAS DO PARTIDO POPULAR PARA CREAR EMPREGO**

1. A **mellora dos accesos e o tráfico** debería ser un obxectivo prioritario do goberno para que Pontevedra sexa unha cidade máis accesible e desenvolva ó máximo as súas posibilidades comerciais e turísticas.

En principio a peonización influíu positivamente no comercio pero o goberno local non quixo complementala con outras medidas, o que contribuíu a crear a imaxe de que Pontevedra é unha cidade moi pouco accesible e cuns problemas de tráfico excesivos para o seu tamaño.

2. Axilizar a **concesión de licenzas** de negocios e comercios que, con frecuencia, se prolonga ata un ano. Outros concellos con problemas similares optaron por autorizar a apertura automática se, transcorridos tres meses os servizos técnicos non inspeccionaron o local, e sempre que o solicitante presentase toda a documentación.
3. **Cumprir os investimentos do orzamento** debe ser unha das primeiras obrigas dun goberno. É unha das mellores formas de contribuír a creación e á estabilidade do emprego. Moi ó contrario, como manifestou o Consello de Contas do orzamento do 2006, do que só se executou o 23% dos investimentos previstos polo goberno.

Algo parecido ocorreu nos orzamentos dos anos 2007 e 2008, exercicios nos que o goberno vinculou máis do 80% dos investimentos á venda dun solo que nunca puido concretarse e, polo tanto, os investimentos quedaron sen realizar.

4. Crear **solo para actividades económicas** especializado, dotado con todos os servizos e tecnoloxías e poñer en marcha unha oficina municipal para o seu desenvolvemento e promoción, o que permitiría atraer empresas a Pontevedra que xeren emprego estable.

SEDE LOCAL

C/. Oliva, 6 - Entresuelo A - Teléfs. : 986 843 804 / 986 843 707 - Fax: 986 862 593 - 36001 PONTEVEDRA



Pontevedra arrastra un importante déficit de solo para actividades económicas, como se deduce da comparación con outras cidades cun perfil económico similar ó noso, baseado nos servizos:

- Pontevedra: 100 hectáreas, 2,1% do solo industrial de Galicia.
  - Santiago: 300 hectáreas, 6,1% do solo industrial de Galicia.
  - A Coruña: 902 hectáreas, 18,4% do solo industrial de Galicia.
5. A **creación de empresas municipais** permitiría financiar proxectos e iniciativas que, doutro xeito sería moi difícil poñer en marcha. Ademais, se a empresa municipal xera ingresos de mercado a súa débeda non incrementaría o endebedamento municipal, de acordo coa lexislación nacional e europea. Pontevedra debería crear unha empresa municipal de transporte e outra de vivenda e solo, como teñen outras cidades galegas dende xa hai tempo.
6. Unha **nova estación intermodal**, dotada de parking, intercambiador, centro de negocios, zonas comerciais e de ocio, é vital para que a chegada do AVE permita o despegue económico de Pontevedra. A construción dunha infraestrutura deste tipo, valorada en 75 M€ e a súa posterior posta en marcha, xeraría centos de empregos directos e indirectos.
7. **Baixar os impostos municipais** axudaría ás familias, ós comercios e ás empresas en xeral. O goberno nos últimos anos fixo ó contrario; de feito, débenos ós pontevedreses unha redución de impostos do 0,8%, que anunciou para este ano 2010.

Un goberno non pode cambiar as regras do xogo cando lle interesa. O goberno di que basea a subida de impostos no IPC de agosto pero en realidade é unha regra que soamente cumpre cando lle interesa pois saltouna no 2008 e no 2010.



No 2009, e pese ó intento do goberno de lle dar a entender á opinión pública que os impostos e as taxas se conxelaron, a realidade é que polo menos 8 se incrementaron entre un 3 e un 5%.

No 2008 o goberno bateu récords a nivel nacional coa subida de impostos. Houbo impostos que se subiron tres, catro e ata dez veces o IPC de referencia (agosto do 2007), que foi do 2,2%.

- IAE: 21%
- Imposto de vehículos: 9%
- ICIO: 7%
- IBI: 3,3%

8. **Pagar a provedores en 60 días** daríalles liquidez ás empresas, que en moitos casos se viron obrigadas a pechar pola débeda que tiñan con elas as administracións. Existe unha normativa a nivel autonómico, nacional e europeo que establece a obriga de lles pagar ós provedores en menos de 2 meses. Aínda así, o Concello de Pontevedra está tardando períodos moi superiores que incluso chegan ó ano, como se deduce das liquidacións orzamentarias.

***A redución do gasto corrente permite incrementar os investimentos produtivos.***

Un goberno debe dar exemplo cun orzamento equilibrado no que os investimentos produtivos superen o gasto corrente. O Partido Popular leva toda a lexislatura avisando do exceso de gasto corrente e facendo propostas concretas que foron ignoradas. Se o goberno ten a vontade de cambiar que o demostre con medidas rigorosas porque as declaracións de intencións no son suficientes.

9. A **contención do gasto corrente** permitiría destinar máis recursos a investimentos produtivos que xeraran emprego. Non obstante, o goberno nos últimos anos fixo xusto o contrario, como se pode comprobar na evolución nesta lexislatura do gasto de persoal e o de bens correntes e servizos.



GRUPO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA

Evolución do gasto de persoal:

- Orzamento 2007: 16,1 M€
- Orzamento 2008: 19,2 M€
- Orzamento 2010: 21,1 M€

Nos 3 últimos anos, que coinciden coa crise, o goberno incrementou en 5 M€ o gasto de persoal, o que significa un incremento do 31%. Con todo, a ampliación do cadro de persoal municipal foi mínima, se exceptuamos os cargos de confianza.

Do 2008 ó 2010 produciuse un incremento do gasto de persoal do 10%, pasando de 19,2 M€ a 21,1 M€.

En canto ó capítulo 2 de gasto en bens correntes e servizos, en só 2 anos (do 2006 ó 2008) incrementouse en 7 M€, de 20,7 M€ a 27,8 M€, o que representa un incremento do 33%. E aínda que no 2010 este capítulo se baixou ata os 26,4 M€ a redución segue sendo insuficiente.

**10. Redución de altos cargos e persoal de confianza** do goberno. Nesta lexislatura o goberno aumentou o número de directores xerais de 4 a 7. Os cargos de confianza de comunicación e protocolo pasaron de 1 a 6. Incrementos que non se traduciron nunha mellora do servizo ó cidadán pero pola contra si supuxeron un considerable aumento do gasto de persoal.

A redución dos altos cargos e do persoal de confianza permitiría dispor de máis recursos e destinalos a investimentos produtivos que xerarían emprego estable.

**11. Redución de soldos** a cargos públicos e persoal de confianza. O PP xa fixo unha proposta de redución do 10% en setembro do 2008. Aínda que o goberno conxelou o soldo dos concelleiros seguiu incrementando as retribucións dos directores xerais e doutros cargos de confianza.

SEDE LOCAL